

## REUNIÓN CONSELLO DA MULLER NOVA

**Data:** 2 de febreiro de 2016.

**Hora:** 18.30- 19.45h

**Lugar:** Espacio Arroelo. Michelena, 11. 3º

**Asistentes:**

Alba Moreira

Julia Parra

Javier Noya

Aitor Agudo

Miryam

Natalia

Daniel P. Macías

Rosa Campos

Jone Ojeda

### ORDE DO DÍA

#### 1. Reparto do documento que recolle o cometido do Consello da Muller Nova

Se lles reparte ós e ás participantes no Consello o documento que recolle os fins do Consello e o compromiso adquirido, informándolles que o obxectivo é configurar consellos nos diferentes centros que non estean xa operativos e que faga que haxa máis movemento en outros cursos, que permita ter sempre xente neste grupo.

#### 2. Avaliación do 25 N

Tratouse de recoller as impresións do Consello sobre a organización da campaña e propostas de mellora. Queda recollido no documento de avaliación do Consello, coa valoración anónima.

No Sánchez Cantón plantexan que o alumnado máis maior tomaron de xeito pouco serio a actividade, sendo a xente de cursos inferiores a que daba respostas máis serias e pensadas.

Aportan como solución que poidera haber a axuda de algún membro do profesorado facendo unha explicación previa nas clases da actividade.

Alumnos e alumnas do Luis Seoane aportan a súa experiencia, decindo que a elxs lles funciona mellor facendo a concienciación entre iguais.

Detectan que na rúa a xente non identificaba a violencia psicolóxica ou os micromachismos. Consideran que debía estar mellor focalizado para que tiveran a oportunidade de reflexionar máis sobre o tema. Aportamos que ese primeiro paso tiña iste como obxectivo, detectar a concienciación da xente co tema.

Consideran que os recursos audiovisuais como os vídeos que fixemos con nAmorAndo (Primaria e Secundaria) tiveron moita repercusión e que a xente recorda moito mellor as mensaxes

Falan de involucrar máis a Primaria

Consideran que sería interesante facer un día de 'Festa pola Igualdade` no que tiveran oportunidade de xuntarse os centros e houbera actividades lúdicas no que poder aprender e divertirse. E que isto podería ser fora da celebración nos días clave, porque do 8 de marzo ao 25 de novembro pasa demasiado tempo.

Falamos da importancia de organizar con máis tempo as actividades. Verán sería un bo momento para comezar co 25 de novembro.

## 2. Comezamos a traballar para o 8 de marzo

Temos 3 propostas de conquistas a traballar co Consello:

- Loita polo sufraxio
- Loita pola emancipación do matrimonio
- Loita polo aborto

Traballamos sobre papel, tratando de ordenar cronoloxicamente dereitos adquiridos ó longo da historia en España con respecto ao aborto.

Costa facelo, porque a lóxica non corresponde coa realidade das conquistas adquiridas...

Consideramos continuar co traballo na próxima reunión.